

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O VINTE E OITO DE MARZO DE DOUS MIL DEZAOITO.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro.

Concelleiro/as:

D. Pedro Amado Sanmartín.

[Abandona a sesión sendo as 14h10min, unha vez concluída a votación do asunto recollido no punto cuarto da orde do día]

Dna. Raquel Caruncho Corral.

D. José Simoes Couceiro.

Dna. Yolanda Vázquez Busto.

Dna. Silvia Fornos Permuy.

Dna. Marta Pico Machado.

D. Francisco Javier Crespo Romeo.

[Abandona a sesión sendo as 13h48min, durante o transcurso do debate do asunto recollido no punto cuarto da orde do día]

Dna. María Carmen Piñeiro Varela.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte.

D. Andrés Pérez Pérez.

Dna. Ana María Veira García.

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e cinco minutos do día vinte e oito de marzo de dous mil dezaoto, xúntanse en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos polas Secretaria-Accidental e a Interventora Municipais.

Non asisten, desculpando a súa ausencia:

D. Jorge Serafín Allegue Freire

Secretaria-Accidental:

D^a. María Roca Vázquez

Interventora

D^a. Lucía Varela Martínez

A Presidencia abre a sesión procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.

- SESIÓN ORDINARIA DE 22.02.2018.

- SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 13.03.2018.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A Secretaria-Accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“ PROPOSTA DE ACORDO

LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DA SESIÓNS ANTERIORES:

- **SESIÓN ORDINARIA DE 22.02.2018.**
- **SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 13.03.2018.**

(Expediente TEdC 2018/G006/000044)

Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia dos borradores das actas correspondentes ás sesións:

- *Ordinaria de 22.02.2018.*
- *Extraordinaria e Urxente de 13.03.2018.*

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO. *Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:*

- *Ordinaria de 22.02.2018.*
- *Extraordinaria e Urxente de 13.03.2018*

SEGUNDO.- *Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.*

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro, en Ponte deume, a luns 23 de marzo de 2018.”

Dende a Presidencia pregúntase se algún/ha membro ten algo que indicar ao respecto dos borradores das actas das sesións que se someten a aprobación.

Non habendo intervencións, sométense os borradores das actas a aprobación, por separado, por non teren estado os mesmos membros presentes en cada unha das sesións,

- Ordinaria de 22.02.2018.

Queda **ADOPTADO por 11 votos a favor de** D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dña. Raquel Caruncho Corral, Dña. Yolanda Vázquez Busto, Dña. Silvia Fornos Permuy, Dña. Marta Pico Machado, D. Francisco Javier Crespo Romeo, Dña. María Carmen Piñeiro Varela, Dña. Ascensión de Vicente Olarte, D. Andrés Pérez Pérez e Dña. Ana María Veira García; e **1 abstención** de D. José Simoes Couceiro por non ter estado presente na sesión cuxo borrador de acta se somete a aprobación, o **ACORDO** seguinte:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente ás sesión:

- Ordinaria de 22.02.2018

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

- Extraordinaria e Urxente de 13.03.2018.

Queda **ADOPTADO por 11 votos a favor de** D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dña. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dña. Yolanda Vázquez Busto, , Dña. Marta Pico Machado, D. Francisco Javier Crespo Romeo, Dña. María Carmen Piñeiro Varela, Dña. Ascensión de Vicente Olarte, D. Andrés Pérez Pérez e Dña. Ana María Veira García; e **1 abstención** de Dña. Silvia Fornos Permy por non ter estado presente na sesión cuxo borrador de acta se somete a aprobación, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente s sesión:

- Extraordinaria e urxente de 13.03.2018

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

2.- ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA ORDENANZA ESPECÍFICA REGULADORA DAS BASES DE CONCESIÓN DE AXUDAS ÁS FAMILIAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR, CURSO ESCOLAR 2017-2018, EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA, ESO.

A Secretaria-Accidental da lectura ao Ditame da Comisión Informativa, que se transcribe a continuación:

"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDIO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: EXTRAORDINARIA E URXENTE DE DATA VENRES 23 DE MARZO DE 2018
EXPDTE: 2018/G012/000002
Sesión nº: 23/2015-2019

" 2.- ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA ORDENANZA ESPECÍFICA REGULADORA DAS BASES DE CONCESIÓN DE AXUDAS ÁS FAMILIAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR, CURSO ESCOLAR 2017-2018, EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA, ESO.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA ORDENANZA ESPECÍFICA REGULADORA DAS BASES DE CONCESIÓN DE AXUDAS ÁS FAMILIAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR, CURSO ESCOLAR 2017-2018, EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA, ESO

Expediente TEdC: 2018/G006/000015

O artigo 7 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ponte deume (BOP nº 142 de 21 de xuño de 2008) dispón que poderán ser obxecto de subvención os servizos e actividades que completen ou suplan as competencias do Concello de Ponte deume e que se consideren de interese para o municipio, cando o seu fomento se estime pertinente polos órganos competentes do Concello, entre as que se atopa o ensino.

De acordo co que se dispón no artigo 9 da ordenanza xeral, o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva. Nos artigos 10 e seguintes da ordenanza regúlase o devandito procedemento, que resulta de aplicación para a aprobación das bases específicas de cada procedemento e a súa correspondente convocatoria, e que establece a regulación mínima que debe cumprirse.

Logo de ver o expediente da correspondente Ordenanza Municipal Reguladora Ordenanza específica reguladora das bases de concesión de axudas ás familias para a adquisición de material escolar, curso escolar 2017-2018, Educación Infantil, Primaria, ESO, no que constan os seguintes documentos:

- Providencia da alcaldía accidental de data 16/02/2018.
- Borrador da Ordenanza específica reguladora das bases de concesión de axudas ás familias para a adquisición de material escolar, curso escolar 2017-2018, Educación Infantil, Primaria, ESO.
- Xustificante de efectuar a consulta pública previa segundo o indicado na lei 39/2015 de 1 de outubro, e nas Directrices sobre consulta pública previa no procedemento de elaboración das ordenanzas e regulamentos municipais do Concello de Ponte deume aprobado por acordo do Pleno celebrado o día 27 de abril de 2017.
- Informe conxunto da Secretaría e Intervención Municipais de 22.03.2018.

Esta Presidencia somete a ditame da Comisión informativa permanente de estudo, informe e consulta de asuntos xerais do Pleno, a seguinte **PROPOSTA de ACORDO**:

PRIMEIRO. Ratificar o contido íntegro do expediente, e na súa consecuencia, aprobar inicialmente a “Ordenanza Municipal Reguladora Ordenanza específica reguladora das bases de concesión de axudas ás familias para a adquisición de material escolar, curso escolar 2017-2018, Educación Infantil, Primaria, ESO”, que se transcribe a continuación:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

“ORDENANZA ESPECÍFICA REGULADORA DAS BASES DE CONCESIÓN DE AXUDAS ÁS FAMILIAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR. CURSO ESCOLAR 2017-2018. SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO.

Esta Ordenanza ten por obxecto regular a convocatoria para a concesión de axudas destinadas a adquisición de material escolar (todo tipo de material agás os libros de texto), co fin de promover o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación e compensar ás familias para facer fronte aos gastos derivados da escolarización dos seus fillos matriculados nos cursos de segundo ciclo de Educación Infantil, Educación Primaria e ESO, todo iso nos termos establecidos no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no Regulamento de servizos das corporacións locais, na Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ponte deume.

Artigo 1º.- Obxecto da convocatoria.

1.- A igualdade de oportunidades ante o ensino é un dos retos principais que deben afrontar os poderes públicos para facer efectivo o dereito á educación. Unha das medidas fundamentais é o establecemento dun sistema de becas e axudas que posibiliten o acceso e continuidade nos estudos.

Constitúe o obxecto das presentes bases convocar axudas para a adquisición de material escolar (todo tipo de material agás os libros de texto), destinadas ás familias que se atopen nunhas condicións socio-económicas menos vantaxosas.

2.- O importe global máximo que o Concello destinará á concesión destas axudas será de 11.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 326.48000, do orzamento do ano 2017 prorrogado ao 2018.

3.- As axudas concedidas en virtude da presente ordenanza serán compatibles con calquera outra axuda que se poida recibir coa mesma finalidade doutras entidades públicas ou privadas, sempre que as axudas concorrentes non superen o custo do material escolar subvencionado.

Artigo 2º.- Destinatarios das axudas.

1.- Poderá optar a estas axudas o alumnado de segundo ciclo de Educación Infantil, de Educación Primaria e de Educación Secundaria Obrigatoria, durante o curso escolar 2017 – 2018, empadroados no Concello de Ponte deume.

2.- A unidade familiar non poderá superar o límite de ingresos anuais establecido na seguinte táboa. A efectos destas bases, teñen a consideración de ingresos, a suma da base imponible xeral máis a base imponible do aforro, do Imposto sobre a Renda das Personas Físicas do exercicio 2016, de tódolos membros computables. Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases impositivas ás que se fai referencia, obteranse como resultado de aplicarlle ós datos que consten na Axencia Estatal de Administración Tributaria os criterios da lexislación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Número de membros da unidade familiar	Límite de renda anual familiar
Unidade familiar de 2 membros	18.071,28€ (2,8 x IPREM)
Unidade familiar de 3 membros	22.589,10€ (3,5 x IPREM)
Unidade familiar de 4 membros	26.461,52€ (4,1 x IPREM)
Unidade familiar de 5 membros	29.688,53€ (4,6 x IPREM)
Unidade familiar de 6 membros	32.270,15€ (5 x IPREM)

A partir do sexto membro, engadiranse 1.936,20€ (0,3 x IPREM) por cada novo membro computable.

Os solicitantes que superen a renda anual fixada para cada unidade familiar segundo o seu número de membros, non terán dereito á axuda.

A estes efectos, considerarase unidade familiar: os núcleos de convivencia formados polos pais/nais ou tiores e os fillos/fillas menores de 18 anos, na data de publicación desta convocatoria.

No caso de divorcio, separación legal ou de feito dos proxenitores, non se considerará membro computable aquel deles que non conviva cos fillos ou fillas.

Non obstante, se é o caso, terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou parella de feito, e as rendas incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.

Nos supostos de custodia compartida incluíranse ambos proxenitores dentro do cómputo da renda familiar.

3.- As solicitudes que cumpran o requisito establecido no punto anterior, serán avaliadas segundo os criterios fixados no artigo 4. As axudas adxudicaranse por estrito orde de puntuación, ata esgotar a consignación orzamentaria dispoñible á que se fai referencia no artigo 1. En caso de empate, atenderase ó maior número de fillos escolarizados e se o empate persiste terase en consideración a renda per cápita máis baixa.

Artigo 3º.- Procedemento da solicitude.

3.1.- **Lugar.** As solicitudes presentaranse, xunto coa documentación correspondente, no Rexistro xeral do Concello.

3.2.- **Prazo.** As solicitudes presentaranse no prazo de quince días hábiles a contar dende o seguinte á publicación desta ordenanza específica no BOP.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Este prazo entenderase sen prexuízo do prazo de dez días hábiles, que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación, quedando apercibido que de non facelo así, terase por desistido e arquivaranse as actuacións sen máis trámite, conforme ao previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3.3.- Documentación a presentar:

- 1.- *Solicitude, segundo o modelo establecido.*
- 2.- *Fotocopia do D.N.I. da/do solicitante, cónxuxe/parella e fillas/os.*
- 3.- *Fotocopia do Libro de Familia (completo) ou no caso de familias numerosas, fotocopia do título.*
- 4.- *Fotocopia da Declaración do IRPF do exercicio 2016 (completa) da/do solicitante e cónxuxe, ou no caso de non presentala, Certificado de imputacións expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.*
- 5.- *Certificación da conta bancaria da/do solicitante.*
- 6.- *Copia da matrícula do presente curso.*
- 7.- *Declaración de conxunto de tódalas solicitudes efectuadas ou concedidas para a dita finalidade das distintas administracións públicas ou organismos privados competentes, segundo o modelo establecido.*
- 8.- *Declaración xurada de atoparse ó corrente nas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma) e, en concreto, co Concello de Ponte deume, e coa Seguridade Social, e de estar ó corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións, segundo o modelo establecido.*
- 9.- *Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas de prohibición para obter subvencións que se establecen no artigo 13.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, e de non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Ponte deume, segundo o modelo establecido.*
- 10.- *Se é caso, documentación acreditativa da ausencia do fogar familiar dalgún dos proxenitores: familia monoparental, separación/divorcio, viuvez, orfandade, etc.*
- 11.- *Certificado do grao de discapacidade, no caso de que algún membro da unidade familiar teña recoñecida unha discapacidade.*
- 12.- *No caso de que algún membro da unidade familiar se atope en situación de desemprego dende polo menos un mes anterior á data desta convocatoria, Certificado do servizo Público de emprego que acredite a antigüidade como demandante de emprego.*



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Artigo 4º.- Criterios de avaliación.

As solicitudes que cumpran o requisito establecido no artigo 2.2., valoraranse pola comisión avaliadora, e puntuaranse en función dos seguintes conceptos:

- 1.- Número de membros da unidade familiar.
- 2.- Condicións familiares da/o solicitante.
- 3.- Ingresos familiares.

A ponderación destas situacións é a seguinte, para cada un dos criterios anteriores.

1.- Número de membros da unidade familiar.

Por cada membro da unidade familiar do solicitante: 0,5 puntos.

Enténdese por unidade familiar a formada polos pais/nais e fillas/os menores de 18 anos.

2.- Condicións familiares da/o solicitante.

- Por ausencia do fogar familiar dalgún dos proxenitores (orfanidade, separación, familia monoparental, viuvez, etc.): 1 punto.
- Por cada membro da unidade familiar con discapacidade: 1 punto.
- Por cada membro da unidade familiar en desemprego: 1 punto.
- Por familia numerosa (título): 1 punto.

3.- Ingresos familiares:

Ponderaranse do seguinte xeito, segundo o número de membros da unidade familiar:

Ingresos, entre 0 e o 24,99% do límite de renda anual familiar: 4 puntos.

Ingresos, entre 25% e o 49,99% do límite de renda anual familiar: 3 puntos.

Ingresos, entre 50% e o 74,99% do límite de renda anual familiar: 2 puntos.

Ingresos, entre 75% e o 100% do límite de renda anual familiar: 1 punto.

Artigo 5.- Obrigas da/o beneficiaria/o.

Son obrigas da/o beneficiaria/o:

- a) Presentar debidamente cuberta a documentación requirida no prazo sinalado.
- b) Xustificar ante o Concello de Ponte deume o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a finalidade que determine a concesión da subvención.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

c) Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Ponte deume.

d) Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan debidamente requiridas polos órganos municipais, proporcionando canta información lles sexa requirida no exercicio de ditas actuacións.

e) Comunicar ó órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos

f) Acreditar, no momento da xustificación á que se refire o artigo 7, que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións, ou autorizar ó Concello de Ponte deume a obter esta información.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.

h) Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da LXS.

Artigo 6.- Outorgamento de subvencións.

1.- O órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos, en virtude dos que debe pronunciarse a proposta de resolución, será a Concelleira de servizos sociais, educación e deportes. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da comisión avaliadora, no que se concretará o resultado da avaliación das solicitudes, formulará a proposta de resolución provisional, ó Alcalde - Presidente, que será o órgano competente para a súa concesión, na que se expresará o cumprimento dos requisitos dos solicitantes para a concesión das axudas, a relación nominal e a contía individualizada da subvención que se propón para cada solicitante, con arranxo aos criterios de valoración establecidos no artigo 4 da presente ordenanza específica. Todo isto conforme ó establecido no artigo 14 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ponte deume (B.O.P. nº142 do 21/06/2008).

A valoración das solicitudes realizarase pola comisión avaliadora, que estará composta por:

Presidenta: a concelleira de servizos sociais, educación e deportes.

Vogais:

A coordinadora do equipo de servizos sociais do Concello.

A educadora social.

O traballador social.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Actuará como secretario da mesma, con voz pero sen voto, a secretaria da corporación ou persoa en quen delegue.

As solicitudes serán valoradas pola comisión mencionada e concedidas polo Alcalde – Presidente mediante decreto.

A resolución deberá conter a relación de solicitantes que resulten beneficiarios e o importe concedido, e a desestimación de solicitudes, se as houbese, e a súa causa.

No caso de que no expediente non fosen tidos en conta outros datos ou alegacións distintas aos presentados polos solicitantes a proposta de resolución terá o carácter de definitiva.

De acordo co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como no artigo 15 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ponte deume, a resolución da concesión farase pública, mediante exposición no taboleiro de anuncios do Concello, durante un prazo de 15 días, para que os beneficiarios presenten a documentación xustificativa que se establece no artigo 7 da presente ordenanza específica.

2.- A contía da axuda, por alumna/o, será de 60,00 euros (de ser o caso, o importe sobranse distribuirase a partes iguais entre as/os beneficiarias/os).

3.- O importe da axuda en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, supere o custo dos gastos acreditados pola/o beneficiaria/o.

Artigo 7.- Xustificación e pagamento.

1.- O prazo para presentar a documentación xustificativa será de 15 días, contado a partir do día seguinte á publicación da resolución de concesión no taboleiro de anuncios municipal.

O pagamento das axudas efectuarase ós representantes legais das/os beneficiarias/os, unha vez presentada a seguinte documentación:

Facturas orixinais ou fotocopias cotexadas dos gastos orixinados pola adquisición do material escolar por importe igual ou superior á contía outorgada. Ademais, deberá acreditarse o pagamento das facturas que se presenten.

As facturas deberán cumprir os requisitos do Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. As facturas deberán conter como mínimo, os seguintes requisitos:

Nome, razón social, e NIF ou CIF de quen emite a factura.

Nome, enderezo e NIF ou CIF da/o beneficiaria/o da subvención, debendo estar expedida a factura a nome da persoa solicitante da subvención.

Número de factura e data de emisión.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Detalle do IVE ou imposto correspondente; no caso de exención deberá facerse constar expresamente na factura.

Relación detallada do que se adquiriu.

Declaración xurada de percepción ou non percepción doutras axudas das distintas administracións públicas ou entes públicos ou privados.

Certificados de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma) e, en concreto, con Concello de Ponte deume, e coa Seguridade Social, e de estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións; ou autorizar ó Concello de Ponte deume a obter esta documentación.

2.- Os documentos xustificativos corresponderán ós gastos realizados dende o 01/09/2017 ata a data na que remate o prazo para presentar a documentación xustificativa, e só serán subvencionados os gastos que respondan de maneira indubitada á natureza da actividade subvencionada, e se realicen no prazo establecido.

3.- De non presentar a xustificación dentro do prazo establecido, entenderase que desiste da súa petición; o que dará lugar á incoacción, por decreto da Alcaldía, do expediente de anulación do correspondente compromiso que conlevará a perda do dereito de cobro da subvención.

4.- Este prazo entenderase sen prexuízo do prazo de dez días hábiles, que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa corrección.

Disposición adicional.

Para o non previsto na presente ordenanza será de aplicación o que se dispón na Lei 38/2003 xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ponte deume.

Disposición final.

Esta Ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcurrido o prazo ao que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora de bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Contra esta Ordenanza poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso - Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Esta ordenanza consta de 7 artigos, unha disposición adicional e unha disposición final."



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SEGUNDO. Continuar a tramitación do expediente, remitindo o correspondente edito ao Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, se proceda á información pública e audiencia aos interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comezarán a contarse a partir do seguinte ao da devandita publicación, inxeríndose copia do edito no taboleiro de anuncios deste concello.

TERCEIRO. No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase a súa resolución, previos os informes oportunos, polo pleno da corporación, procedéndose, unha vez resoltas, á aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO. Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Non entanto, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

En Ponte deume, asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, a 22 de marzo de 2018."

Non habendo intervencións, sometese a votación a proposta transcrita, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos por **4 votos a favor** dos/as representantes do Grupo Municipal do PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, Dña. Silvia Fornos Permuy e Dña. Raquel Caruncho Corral e **3 abstencións** do resto de concelleiros e concelleiras dos Grupos do PP (2): D. Andrés Pérez Pérez e Dña. Ascensión María de Vicente Olarte; e do BNG-AA (1): Dña. Ana Veira García."

A Presidencia abre a quenda para o debate. Toma a palabra Dña. Raquel Caruncho Corral, concelleira de Servizos Sociais, Educación e Deportes, quen da conta da modificación introducida na proposta que se somete a aprobación con respecto á anterior, en tanto que se recolle a concesión de axudas tendo en conta o IPREM, como propuxera o BNG e que se considera redundante nun reparto máis equitativo.

De seguido, o portavoz do Grupo Municipal do PP, D. Francisco Javier Crespo Romeo, da uso da palabra neste punto á súa compañeira Dña. Ascensión de Vicente Olarte, quen pregunta se sería posible que se faga un cambio na ordenanza xeral de subvencións, ao respecto de que se modifique, recollendo excepcións para determinados supostos, como o destas axudas, a condición de que para a súa obtención sexan necesarios dous anos de antigüidade no Padrón Municipal. Sobre o contido do texto da ordenanza obxecto de debate, cren que é necesario que, para vindeiras ocasións, se indique o prazo específico do curso para o que se conceden as axudas. Conclúe a súa intervención anunciando o voto favorable do seu grupo en tanto que entenden que é necesaria a tramitación das axudas se ben considera como un fracaso do goberno local a data na que se van pagar as axudas, situación que se repite, incumprindo así a promesa de pagar no curso para o que se concede a subvención.

De seguido intervéñen a portavoz do Grupo Municipal do BNG-AA. Dña. Ana Veira García di que dende o BNG se tivo presentado a emenda hai un ano para que a ordenanza tivera un criterio



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

mais ordenado a nivel económico e que, unha das cousas era o IPREM, que se recolle no texto actual, e que o informe técnico xustificaba a suxestión da súa formación sobre unhas axudas máis xustas e máis equilibradas. Fai referencia tamén á cuestión do empadramento que apuntaba a concelleira do PP ao que fai referencia o informe da Secretaría e que sí é verdade que se falaba de que a xustificación debía estar para final de curso, apuntando que o curso remata legalmente o 31 de agosto. Considera que hai unha mellora en canto ás formas pero non en canto ao fondo xa que se segue coa mesma contía económica, fronte a outras partidas orzamentarias que se considera están “mais axustadas” que outros anos no documento de orzamentos para o 2018. Anuncia que, independentemente de todas as puntualizacións, o voto do BNG será a favor, tendo en conta que se recollen as propostas que fixeron.

A Sra. Caruncho Corral indica que non se cubre o total da contía, que sempre hai sobranse, o que non quere dicir que non se incremente máis adiante, como é a idea.

Pecha o debate o Sr. Alcalde. D. Bernardo Fernández Piñeiro apunta a que Ponte deume é o Concello que máis importe concede da bisbarra, sen prexuízo de que se poda mellorar.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **ADOPTADO por UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Ratificar o contido íntegro do expediente, e na súa consecuencia, aprobar inicialmente a “Ordenanza Municipal Reguladora Ordenanza específica reguladora das bases de concesión de axudas ás familias para a adquisición de material escolar, curso escolar 2017-2018, Educación Infantil, Primaria, ESO”, que se transcribe a continuación:

“ORDENANZA ESPECÍFICA REGULADORA DAS BASES DE CONCESIÓN DE AXUDAS ÁS FAMILIAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR. CURSO ESCOLAR 2017-2018. SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO.

Esta Ordenanza ten por obxecto regular a convocatoria para a concesión de axudas destinadas a adquisición de material escolar (todo tipo de material agás os libros de texto), co fin de promover o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación e compensar ás familias para facer fronte aos gastos derivados da escolarización dos seus fillos matriculados nos cursos de segundo ciclo de Educación Infantil, Educación Primaria e ESO, todo iso nos termos establecidos no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no Regulamento de servizos das corporacións locais, na Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ponte deume.

Artigo 1º.- Obxecto da convocatoria.

1.- A igualdade de oportunidades ante o ensino é un dos retos principais que deben afrontar os poderes públicos para facer efectivo o dereito á educación. Unha das medidas fundamentais é o establecemento dun sistema de becas e axudas que posibiliten o acceso e continuidade nos estudos.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Constitúe o obxecto das presentes bases convocar axudas para a adquisición de material escolar (todo tipo de material agás os libros de texto), destinadas ás familias que se atopen nunhas condicións socio-económicas menos vantaxosas.

2.- O importe global máximo que o Concello destinará á concesión destas axudas será de 11.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 326.48000, do orzamento do ano 2017 prorrogado ao 2018.

3.- As axudas concedidas en virtude da presente ordenanza serán compatibles con calquera outra axuda que se poida recibir coa mesma finalidade doutras entidades públicas ou privadas, sempre que as axudas concorrentes non superen o custo do material escolar subvencionado.

Artigo 2º.- Destinatarios das axudas.

1.- Poderá optar a estas axudas o alumnado de segundo ciclo de Educación Infantil, de Educación Primaria e de Educación Secundaria Obrigatoria, durante o curso escolar 2017 – 2018, empadroados no Concello de Ponte deume.

2.- A unidade familiar non poderá superar o límite de ingresos anuais establecido na seguinte táboa. A efectos destas bases, teñen a consideración de ingresos, a suma da base imponible xeral máis a base imponible do aforro, do Imposto sobre a Renda das Personas Físicas do exercicio 2016, de tódolos membros computables. Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases impositibles ás que se fai referencia, obteranse como resultado de aplicarlle ós datos que consten na Axencia Estatal de Administración Tributaria os criterios da lexislación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

Número de membros da unidade familiar	Límite de renda anual familiar
Unidade familiar de 2 membros	18.071,28€ (2,8 x IPREM)
Unidade familiar de 3 membros	22.589,10€ (3,5 x IPREM)
Unidade familiar de 4 membros	26.461,52€ (4,1 x IPREM)
Unidade familiar de 5 membros	29.688,53€ (4,6 x IPREM)
Unidade familiar de 6 membros	32.270,15€ (5 x IPREM)

A partir do sexto membro, engadiranse 1.936,20€ (0,3 x IPREM) por cada novo membro computable.

Os solicitantes que superen a renda anual fixada para cada unidade familiar segundo o seu número de membros, non terán dereito á axuda.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A estes efectos, considerarase unidade familiar: os núcleos de convivencia formados polos pais/nais ou titores e os fillos/fillas menores de 18 anos, na data de publicación desta convocatoria.

No caso de divorcio, separación legal ou de feito dos proxenitores, non se considerará membro computable aquel deles que non conviva cos fillos ou fillas.

Non obstante, se é o caso, terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou parella de feito, e as rendas incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.

Nos supostos de custodia compartida incluíranse ambos proxenitores dentro do cómputo da renda familiar.

3.- As solicitudes que cumpran o requisito establecido no punto anterior, serán avaliadas segundo os criterios fixados no artigo 4. As axudas adjudicaránse por estrito orde de puntuación, ata esgotar a consignación orzamentaria dispoñible á que se fai referencia no artigo 1. En caso de empate, atenderase ó maior número de fillos escolarizados e se o empate persiste terase en consideración a renda per cápita máis baixa.

Artigo 3º.- Procedemento da solicitude.

3.1.- **Lugar.** As solicitudes presentaranse, xunto coa documentación correspondente, no Rexistro xeral do Concello.

3.2.- **Prazo.** As solicitudes presentaranse no prazo de quince días hábiles a contar dende o seguinte á publicación desta ordenanza específica no BOP.

Este prazo entenderase sen prexuízo do prazo de dez días hábiles, que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación, quedando apercibido que de non facelo así, terase por desistido e arquivaranse as actuacións sen máis trámite, conforme ao previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3.3.- Documentación a presentar:

- 1.- Solicitude, segundo o modelo establecido.
- 2.- Fotocopia do D.N.I. da/do solicitante, cónxuxe/parella e fillas/os.
- 3.- Fotocopia do Libro de Familia (completo) ou no caso de familias numerosas, fotocopia do título.
- 4.-Fotocopia da Declaración do IRPF do exercicio 2016 (completa) da/do solicitante e cónxuxe, ou no caso de non presentala, Certificado de imputacións expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- 5.- Certificación da conta bancaria da/do solicitante.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

6.- Copia da matrícula do presente curso.

7.- Declaración de conxunto de tódalas solicitudes efectuadas ou concedidas para a dita finalidade das distintas administracións públicas ou organismos privados competentes, segundo o modelo establecido.

8.- Declaración xurada de atoparse ó corrente nas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma) e, en concreto, co Concello de Ponte deume, e coa Seguridade Social, e de estar ó corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións, segundo o modelo establecido.

9.- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas de prohibición para obter subvencións que se establecen no artigo 13.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, e do non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Ponte deume, segundo o modelo establecido.

10.- Se é caso, documentación acreditativa da ausencia do fogar familiar dalgún dos proxenitores: familia monoparental, separación/divorcio, viuvez, orfandade, etc.

11.- Certificado do grao de discapacidade, no caso de que algún membro da unidade familiar teña recoñecida unha discapacidade.

12.- No caso de que algún membro da unidade familiar se atope en situación de desemprego dende polo menos un mes anterior á data desta convocatoria, Certificado do servizo Público de emprego que acredite a antigüidade como demandante de emprego.

Artigo 4º.- Criterios de avaliación.

As solicitudes que cumpran o requisito establecido no artigo 2.2., valoraranse pola comisión avaliadora, e puntuaranse en función dos seguintes conceptos:

- 1.- Número de membros da unidade familiar.
- 2.- Condicións familiares da/o solicitante.
- 3.- Ingresos familiares.

A ponderación destas situacións é a seguinte, para cada un dos criterios anteriores.

- 1.- Número de membros da unidade familiar.

Por cada membro da unidade familiar do solicitante: 0,5 puntos.

Enténdese por unidade familiar a formada polos pais/nais e fillas/os menores de 18 anos.

- 2.- Condicións familiares da/o solicitante.

- Por ausencia do fogar familiar dalgún dos proxenitores (orfandade, separación, familia monoparental, viuvez, etc.): 1 punto.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- Por cada membro da unidade familiar con discapacidade: 1 punto.
- Por cada membro da unidade familiar en desemprego: 1 punto.
- Por familia numerosa (título): 1 punto.

3.- Ingresos familiares:

Ponderaranse do seguinte xeito, segundo o número de membros da unidade familiar:

Ingresos, entre 0 e o 24,99% do límite de renda anual familiar: 4 puntos.

Ingresos, entre 25% e o 49,99% do límite de renda anual familiar: 3 puntos.

Ingresos, entre 50% e o 74,99% do límite de renda anual familiar: 2 puntos.

Ingresos, entre 75% e o 100% do límite de renda anual familiar: 1 punto.

Artigo 5.- Obrigas da/o beneficiaria/o.

Son obrigas da/o beneficiaria/o:

- Presentar debidamente cuberta a documentación requirida no prazo sinalado.
- Xustificar ante o Concello de Ponte deume o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a finalidade que determine a concesión da subvención.
- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Ponte deume.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan debidamente requiridas polos órganos municipais, proporcionando canta información lles sexa requirida no exercicio de ditas actuacións.
- Comunicar ó órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.
- Acreditar, no momento da xustificación á que se refire o artigo 7, que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións, ou autorizar ó Concello de Ponte deume a obter esta información.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

h) Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da LXS.

Artigo 6.- Outorgamento de subvencións.

1.- O órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos, en virtude dos que debe pronunciarse a proposta de resolución, será a Concelleira de servizos sociais, educación e deportes. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da comisión avaliadora, no que se concretará o resultado da avaliación das solicitudes, formulará a proposta de resolución provisional, ó Alcalde - Presidente, que será o órgano competente para a súa concesión, na que se expresará o cumprimento dos requisitos dos solicitantes para a concesión das axudas, a relación nominal e a contía individualizada da subvención que se propón para cada solicitante, con arranxo aos criterios de valoración establecidos no artigo 4 da presente ordenanza específica. Todo isto conforme ó establecido no artigo 14 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ponte deume (B.O.P. nº142 do 21/06/2008).

A valoración das solicitudes realizarase pola comisión avaliadora, que estará composta por:

Presidenta: a concelleira de servizos sociais, educación e deportes.

Vogais:

A coordinadora do equipo de servizos sociais do Concello.

A educadora social.

O traballador social.

Actuará como secretario da mesma, con voz pero sen voto, a secretaria da corporación ou persoa en quen delegue.

As solicitudes serán valoradas pola comisión mencionada e concedidas polo Alcalde – Presidente mediante decreto.

A resolución deberá conter a relación de solicitantes que resulten beneficiarios e o importe concedido, e a desestimación de solicitudes, se as houberse, e a súa causa.

No caso de que no expediente non fosen tidos en conta outros datos ou alegacións distintas aos presentados polos solicitantes a proposta de resolución terá o carácter de definitiva.

De acordo co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como no artigo 15 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ponte deume, a resolución da concesión farase pública, mediante exposición no taboleiro de anuncios do Concello, durante un prazo de 15 días, para que os beneficiarios presenten a documentación xustificativa que se establece no artigo 7 da presente ordenanza específica.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2.- A contía da axuda, por alumna/o, será de 60,00 euros (de ser o caso, o importe sobranter distribuírase a partes iguais entre as/os beneficiarias/os).

3.- O importe da axuda en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, supere o custo dos gastos acreditados pola/o beneficiaria/o.

Artigo 7.- Xustificación e pagamento.

1.- O prazo para presentar a documentación xustificativa será de 15 días, contado a partir do día seguinte á publicación da resolución de concesión no taboleiro de anuncios municipal.

O pagamento das axudas efectuarase ós representantes legais das/os beneficiarias/os, unha vez presentada a seguinte documentación:

Facturas orixinais ou fotocopias cotexadas dos gastos orixinados pola adquisición do material escolar por importe igual ou superior á contía outorgada. Ademais, deberá acreditarse o pagamento das facturas que se presenten.

As facturas deberán cumprir os requisitos do Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. As facturas deberán conter como mínimo, os seguintes requisitos:

Nome, razón social, e NIF ou CIF de quen emite a factura.

Nome, enderezo e NIF ou CIF da/o beneficiaria/o da subvención, debendo estar expedida a factura a nome da persoa solicitante da subvención.

Número de factura e data de emisión.

Detalle do IVE ou imposto correspondente; no caso de exención deberá facerse constar expresamente na factura.

Relación detallada do que se adquiriu.

Declaración xurada de percepción ou non percepción doutras axudas das distintas administracións públicas ou entes públicos ou privados.

Certificados de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma) e, en concreto, con Concello de Ponte deume, e coa Seguridade Social, e de estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións; ou autorizar ó Concello de Ponte deume a obter esta documentación.

2.- Os documentos xustificativos corresponderán ós gastos realizados dende o 01/09/2017 ata a data na que remate o prazo para presentar a documentación xustificativa, e só serán subvencionados os gastos que respondan de maneira indubitada á natureza da actividade subvencionada, e se realicen no prazo establecido.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

3.- De non presentar a xustificación dentro do prazo establecido, entenderase que desiste da súa petición; o que dará lugar á incoacción, por decreto da Alcaldía, do expediente de anulación do correspondente compromiso que conlevará a perda do dereito de cobro da subvención.

4.- Este prazo entenderase sen prexuízo do prazo de dez días hábiles, que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa corrección.

Disposición adicional.

Para o non previsto na presente ordenanza será de aplicación o que se dispón na Lei 38/2003 xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ponte deume.

Disposición final.

Esta Ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo ao que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora de bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Contra esta Ordenanza poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso - Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Esta ordenanza consta de 7 artigos, unha disposición adicional e unha disposición final."

SEGUNDO. Continuar a tramitación do expediente, remitindo o correspondente edito ao Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, se proceda á información pública e audiencia aos interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comezarán a contarse a partir do seguinte ao da devandita publicación, inxeríndose copia do edito no taboleiro de anuncios deste concello.

TERCEIRO. No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederá a súa resolución, previos os informes oportunos, polo pleno da corporación, procedéndose, unha vez resoltas, á aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

O Sr. Alcalde-Presidente di que se ten incrementado o gasto en Promoción Económica e que os motivos do peche dun establecemento comercial non é solo cuestión do Concello, en referencia a que o Mercado "lastra" aos demais. Acude aos datos da oficina de Turismo á hora de defender que non é certo que cada vez veña menos xente a Ponte deume e conclúe a intervención coa defensa da labor Concello na procura de afluencia de turistas, poñendo como exemplo as visitas dos "cruceiros", fronte ao que di, fan outros partidos noutras administracións.

De seguido toma a palabra Dña. Ana Veira García quen di, en referencia á súa intervención anterior, di que lle parece razoable cobrar os servizos e por tanto, entende a suba, mais que non entende a baixada, de practicamente á metade, no que respecta aos impostos indirectos (IBI, CIO).

D. Bernardo Fernández Piñeiro apunta que o motivo da baixada á que fai referencia a Sra. Portavoz do Grupo Municipal do BNG é que o ano pasado se recolleu no orzamento a previsión do ingreso que derivaría da execución do "plan parcial" de Leite Celta, que se prevía realizar e que, este ano tendo en conta que xa se sabe que non vai ser posible, decidiuse non telo en conta á hora de elaborar o orzamento.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Dna. Ana Veira García di que considera, ao respecto de isto último, unha forma de actuar moito máis razoable, do que deriva nun debate sobre a páxina web e a xestión da información municipal.

A quenda para o debate conclúe co peche da Presidencia, ao respecto da solución que se lle dará á situación dos traballadores e traballadoras que di será, entre todos e en cooperación coa representación sindical.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **ADOPTADO por MAIORÍA de 7 votos a favor** dos/as membros do Grupo Municipal do PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Silvia Fornos Permuy e Dna. Marta Pico Machado e **4 votos en contra** dos/as concelleiros/as do Grupo Municipal do PP(3): D. Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez; e do Grupo Municipal do BNG-AA: Dna. Ana María Veira García; o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar o límite de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos orzamentos, por importe de 4.249.853,70 euros

SEGUNDO.- Aprobar o Orzamento Xeral da Corporación, que ascende a un importe de 7.673.776,88 euros no estado de gastos e de ingresos, con todos os documentos sinalados nos artigos 165 e 168.1 do TRLFL sinalados anteriormente, segundo o seguinte detalle:

ORZAMENTO DE INGRESOS. RESUMO POR CAPÍTULO

Capítulo	Denominación	Importe
1	Impostos directos	2.189.469,81
2	Impostos indirectos	133.737,12
3	Taxas e outros ingresos	2.055.305,73
4	Transferencias correntes	2.707.521,96
5	Ingresos patrimoniais	141,50
6	Alleamento de investimentos reais	0



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

7	Transferencias de capital	224.600,77
8	Activos financeiros	10.000
9	Pasivos financeiros	352.999,99
	Total	7.673.776,88

ORZAMENTO DE GASTOS. RESUMO POR CAPÍTULOS

Capítulo	Denominación	Importe
1	Gastos de persoal	2.838.645,96
2	Gastos en bens correntes e servizos	3.029.925,50
3	Gastos financeiros	250,00
4	Transferencias correntes	366.556,35
6	Investimentos reais	1.162.939,07
7	Transferencias de capital	248.560,00
8	Activos financeiros	10.000
9	Pasivos financeiros	16.900
	Total	7.673.776,88



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TERCEIRO.- Aprobar o cadro de persoal do persoal funcionario e laboral seguinte:

PLANTILLA DE PERSOAL CONCELLO DE PONTEDEUME.

PERSOAL FUNCIONARIO						
CÓDIGO	POSTO	GR./CD	Número de prazas	Escala	Subescala	Situación
01.00.00.01.01	SECRETARIA XERAL	A1-30	1	H. Nacional	Secretaría. Categoría de Entrada	Propiedade
01.00.00.02.02	TECNICO DE ADMINISTRACIÓN LOCAL. XEFE DE SECRETARIA	A1-24	1	Ad. Xeral	Técnico Superior	Vacante
01.00.00.03.03 01.00.00.03.04	ADMINISTRATIVOS	C1-18	2	Ad. xeral	Administrativa	Propiedade
01.00.00.03.05	AUX. ADMINISTRATIVO	C2-16	1	Ad. xeral	Auxiliar	Vacante
01.00.00.03.06	ALCUACIL-PORTEIRO	E-14	1	Ag. Profesional	Subalterno	Vacante
02.00.00.01.01	INTERVENTOR	A1-30	1	H. Nacional	Intervención/ Tesorería Categoría de Entrada	Propiedade
02.00.00.02.02	XEFE INTERVENCION	B/C1-22	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante
02.00.00.02.03	XEFE DE XESTIÓN DE PERSOAL E RECADACIÓN	B/C1-22	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante
02.00.00.02.04	TESORERO	B/C1-22	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante
02.00.00.03.05	ADMINISTRATIVO- INFORMATICO	B/C-20	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante
02.00.00.03.06	ADMINISTRATIVO	C1-18	1	Ad. Xeral	Administrativa	Propiedade
02.00.00.03.07	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	C2-16	1	Ad. xeral	Auxiliar	Vacante



RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)
 CIF P-1507000 F –Nº REELL 01150695
 TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 - www.pontedeume.gal

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

03.00.00.01.01	ARQUITECTO	A1-28	1	Ad. Especial	Técnico Superior	Propiedade
03.00.00.02.02	ARQUITECTO TÉCNICO	A2-24	1	Ad. Especial	Técnico Medio	Vacante.
03.00.00.03.03	ADMINISTRATIVO	C1-18	1	Ad. xeral	Administrativa	Vacante
03.00.00.03.04	AUX ADMTVO	C2-16	1	Ad. xeral	Administrativa	Vacante
03.00.00.03.05	AUX POL URBAN	C2-16	1	Ad. xeral	Administrativa	Vacante
04.00.00.01.01	SARXENTO	C1-22	1	Ad. Especial	Servizos Especiais	Vacante
04.00.00.01.02	CABO	C1-18	1	Ad. Especial	Servizos Especiais	Propiedade
04.00.00.02.03-10	POLICIA	C1-16	8	Ad. Especial	Servizos Especiais	Propiedade 4, Vacante 4
04.00.00.03.11	AUXILIAR ADMTVO. POLICIA	C2-16	1	Ad. Xeral	Auxiliar	Vacante
05.03.00.02.16	SEPULTUREIRO	E-12	1	Ag. Profesional	Personal oficios	Vacante
06.00.00.01.01	TECNICO MEDIO EN SERVIZOS SOCIAIS	B-26	1	Ad. Especial	Técnico Medio	Vacante
06.00.00.03.02	AUX ADMTVO	C2-16	1	Ad. xeral	Administrativa	Vacante
07.00.00.01.01	TECNICO SUPERIOR EN FORMACIÓN E EMPREGO E DESENVOL LOCAL	A1-26	1	Ad Especial	Técnico Superior	Vacante
07.00.00.03.02	ADMINISTRATIVO	C1-18	1	Ad. Xeral	Administrativa	Propiedade
08.00.00.01.01	TECNICO DE XESTIÓN DEPORTIVA	B-20	1	Ad. Especial	Técnico Medio	Vacante
08.00.00.03.02	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	C2-16	1	Ad. xeral	Administrativa	Vacante
09.00.00.01.01	BIBLIOTECARIO- ARQUIVEIRO	A1-26	1	Ad. Especial	Técnico Superior	Propiedade
09.00.00.03.03	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	C2-16	1	Ad. xeral	Auxiliar	Vacante
-	TÉCNICO/A DINAMIZADOR/A DO PLAN	C1-18	1	Ad. Especial	Administrativo	Funcionario interino por programa



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	DE INCLUSIÓN DIXITAL					temporal
-	ADMINISTRATIVO	C1-18	1	Ad. xeral	Administrativo	Funcionario interino por programa temporal
PERSOAL LABORAL FIXO						
CÓDIGO	POSTO	GR./CD	Número de prazas		Situación	
01.00.00.02.07	NORMALIZADOR LINGÜÍSTICO	II-20	1		Vacante	
05.00.00.01.01	ENCARGADO DE OBRAS E SERVIZOS	III-22	1		Vacante	
05.01.00.02.02-03	OFICIAL 1ª	IV-14	2		Vacante	
05.01.00.02.04-05	OFICIAL 2ª	V-12	3		Vacante	
05.01.00.03.07	CONDUCTOR	IV-14	1		Vacante	
05.01.00.03.08-10	PEÓN	V-12	3		Vacante 1	
05.02.00.02.12-13	XARDINEIRO	IV-14	2		Vacante 1	
05.02.00.03.14-15	PEÓN	V-12	2		Vacante	
05.04.00.02.17	ENCARGADO DE MERCADO	V-12	1		Vacante	
05.05.01.02.18	ENCARGADO DO PUNTO LIMPO	IV-16	1		Vacante	
05.05.01.02.19-20	CONDUCTOR	IV-14	2		Vacante	
05.05.01.03.21-23	PEÓN	V-12	3		Vacante 1	
05.05.02.03.24-30	BARRENDEIRO	V-12	7		Vacante 5	
05.05.03.03.31-38	LIMPADOR	V-12	8		Vacante 6	
05.06.00.02.39-40	CONSERXE	IV-14	2		Vacante	
06.01.00.02.03	PSICOLOGO	I-22	1		Vacante	
06.01.00.03.04	ASISTENTE SOCIAL	II-20	1		Vacante	
06.02.00.02.05	ANIMADOR SOCIAL	II-20	1		Vacante	
06.02.00.03.06	CONSERXE	IV-14	1		Vacante	
06.03.00.02.07	EDUCADOR SOCIAL	II-20	1		Vacante	



RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)
 CIF P-1507000 F –Nº REELL 01150695
 TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 - www.pontedeume.gal

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

06.03.00.03.08-15	AUXILIAR DE FOGAR	V-12	8	Vacante
07.00.00.03.03	CONSERXE-CONDUCTOR	IV-14	1	Vacante
07.00.00.03.04	ORIENTADOR LABORAL	II-20	1	Vacante
07.00.00.03.05	INFORMATICO	III-18	1	Vacante
08.00.00.03.03	CONSERXE	IV-14	1	Vacante
09.00.00.03.02	ENCARGADO OFICINA DE TURISMO	IV-16	1	Vacante
PERSONAL LABORAL CON CONTRATOS DE DURACIÓN DETERMINADA				
POSTO		Número de prazas	Remate contrato	
Animador cultural		1	Fin de servizo	
Animador deportivo		1	Fin de servizo	
Axente emprego e desenvolvemento local		1	Fin de servizo	
Auxiliar SAF		1	Fin interinidade	
Peón		1	22/6/2018	
Peón		1	11/8/2018	
Oficial de primeira		2	13/9/2018	
Peón		1	24/5/2018	
Limpador		1	24/5/2018	
Personal técnico para a atención do "Centro de Interpretación Torreón dos Andrade"		1	30/4/2018	



CUARTO.- Expoñer ao público o orzamento xeral para o 2018, polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, para os efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

QUINTO.- Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presenten reclamacións, debendo publicar o orzamento resumido por capítulos no BOP, xunto co cadro de persoal.

SEXTO.- Anular a modificación de crédito número 1/2018.

SETIMO.- Do orzamento xeral definitivamente aprobado remitirase copia á Administración do Estado e á CCAA simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial do anuncio para a publicación da aprobación definitiva.

[Abandona a sesión D. Pedro Amado Sanmartín, sendo ás 14h10min.]

5.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URGENTES.

Dña. Ana Veira García, portavoz do Grupo Municipal do BNG-AA, presenta unha moción pola vía de urxencia, co título:

“MOCIÓN SOBRE RECUPERACIÓN DOS DEREITOS E DO EMPREGO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA”, dando a Presidencia a palabra á Sra. Veira para a súa lectura, cuxo texto se transcribe a continuación:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os traballadores e as traballadoras da Administración de Xustiza de Galiza suman xa varias semanas de paro reclamando condicións salariais e laborais que non os discriminen, contra os recortes e en defensa dunha Administración de Xustiza áxil e moderna, e iniciaron o pasado 9 de febreiro unha folga indefinida. Trátase dunha medida extrema á que se chega logo de esgotar todas as vías posibles de negociación e como resposta á prepotencia, soberbia e cerrazón da Xunta de Galiza. A folga conta cun seguimento masivo e co apoio dos sete sindicatos representativos do persoal. Tamén as dúas manifestacións convocadas en Compostela, o 25 de xaneiro e o 24 de febreiro, contaron con un apoio masivo dos traballadores e traballadoras.

A convocatoria dunha medida tan extrema como unha folga indefinida, e o apoio masivo co que conta, hai que enmarcala no deterioro continuo dos servizos públicos, no empeoramento das condicións laborais, e nos continuos recortes de dereitos ao que levaron as políticas regresivas, reaccionarias e centralizadoras do PP no goberno do Estado e na Xunta de Galiza. Existe un malestar xeralizado nos empregados e empregadas públicos, que mentres que noutros sectores está latente, no caso da Xustiza cristalizou en medidas contundentes de carácter reivindicativo, mobilización e loita. Cómpre valorar pois a importancia da capacidade de mobilización que está a manter este sector en contra da Xunta do PP.

Os traballadores e traballadoras do sector da Xustiza en Galiza están sendo reiteradamente discriminadas na retribución do complemento transitorio con respecto ao resto do persoal do Estado, cunhas diferenzas salariais acumuladas no período 2013-2017 que poden variar entre os 4.000 e os 10.000 euros, dependendo do corpo ao que se pertenza. Por iso, unha das demandas é a subida do complemento transitorio autonómico, retirado das pagas extraordinarias polo Goberno de Feijóo, durante estes últimos catro anos.

Reclaman ademais a retirada do desconto que se lle aplica ao persoal da administración de xustiza en caso de IT, pero que non se aplica a xuíces e xuízas, fiscais ou letrados/as, así como a negociación do pagamento do 100% das substitucións, pois a diferenza do que pasa

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

noutras autonomías, en Galiza o persoal que cubre un posto en substitución vertical non cobra a totalidade do posto que ocupa.

Solicitan igualmente que se negocie un plan recuperación das 106 prazas amortizadas en 2013 e que afectaron especialmente aos xulgados do contencioso, de paz, de familia e ás audiencias provinciais o que supuxo un incremento substancial da carga de traballo e atrasos, e as centrais sindicais piden a consolidación de prazas de reforzo de máis de tres anos de duración, comprometida pola Dirección Xeral de Xustiza.

Con máis de tres mil xuízos suspendidos e unha folga indefinida que está a provocar un grave prexuízo nun servizo fundamental, faise necesaria unha negociación real que busque unha solución a un conflito que afecta a miles de cidadáns no noso país.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Amosar o apoio aos traballadores e traballadoras da Administración de Xustiza nas súas reivindicacións de dereitos laborais e de emprego.

2. Instar á Xunta de Galiza a retomar as negociacións cos representantes dos traballadores e traballadoras da Administración de Xustiza.”

Concluída a lectura, sométese a votación a procedencia do debate da moción, QUEDANDO **RATIFICADA POR UNANIMIDADE** dos/as membros presentes **A URXENCIA** da moción coa súa inclusión na orde do día.

De seguido, a Presidencia abre a quenda para o debate, tomando a palabra a señora portavoz do Grupo proponente. Dna. Ana Veira García quen defende as peticións dos traballadores e traballadores que, tendo en conta que levan máis dun mes en folga, teñen moi claro que a situación é realmente grave.

De seguido, Dna. Ascensión de Vicente Olarte, que actúa como portavoz do Grupo Municipal do PP di que, tendo en conta o pouco tempo para analizar a proposta e cos medios que teñen a man, entenden que non deu tempo a que se retomasen as negociacións xa que se levantou a negociación ás tres da tarde do día de onte. Sobre o contido do punto primeiro do acordo, considera algunhas das reivindicacións fóra de lugar, poñendo como exemplo a demanda do carácter retroactivo da suba do soldo, o cobro das retribucións dos días de folga.... Conclúe anunciando o voto en contra do seu grupo.

Toma a palabra o portavoz do Grupo Municipal do PSOE. D. José Simoes Couceiro di non coñecer os termos nos que se atopa a negociación e que os puntos do acordo non supoñen un motivo para non votar a favor.

Dna. Ana Veira di que, evidentemente, non coñece punto por punto as demandas, se ben o que se pretende con esta moción é que se retomen as negociacións.

O Sr. Alcalde dispón un receso para mirar o asunto sendo as 14h27min.

Reanúdase a sesión sendo as 14h45min.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que, entendendo o espírito da moción pero sen coñecer en profundidade os termos do asunto propón unha emenda ao texto do acordo, na liña de instar a que se chegue a un acordo, a seguinte:



- **Instar á Xunta de Galiza a retomar as negociacións cos representantes dos traballadores e traballadoras da Administración de Xustiza, e a chegar a un acordo que garanta ou conleve unha mellora do servizo que se presta aos cidadáns así como das condicións laborais do persoal adscrito ao mesmo.**

Aceptada a emenda pola portavoz do grupo proponente, sométese a votación a PROPOSTA EMENDADA quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 7 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSOE (6): D. Bernardo Fernández Piñeiro, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Silvia Fornos Permuy, Dna. Marta Pico Machado; e do BNG-AA(1): Dna. Ana María Veira García, e **3 votos en contra** dos/as membros do Grupo Municipal do PP: Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez., o **ACORDO** seguinte:

- **Instar á Xunta de Galiza a retomar as negociacións cos representantes dos traballadores e traballadoras da Administración de Xustiza, e a chegar a un acordo que garanta ou conleve unha mellora do servizo que se presta aos cidadáns así como das condicións laborais do persoal adscrito ao mesmo.**

10.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA.

A Secretaria-Accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA. SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 28/03/2018

Expediente TEdC: 2018/G006/000046

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **91.2018** de 19 de febreiro, a **148.2018** de 23 de marzo, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2018/G003/000106	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 22.02.2018	00091/2018	19/02/2018
2018/G003/000101	Solicitudde de subvención para equipamento e mellora do Arquivo Histórico. Ano 2018	00092/2018	19/02/2018
2018/G003/000099	PAGAMENTO DOS SEGUROS SOCIAIS XANEIRO 2018	00093/2018	19/02/2018
2018/G003/000102	MODELO 111 - RETENCIÓNS IRPF XANEIRO 2018	00094/2018	19/02/2018
	SOLICITUDE DE DUPLICADO POR DETERIORO DA TARXETA DE		
2018/G003/000103	ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	00095/2018	19/02/2018
2018/G003/000112	SOLICITUDE DE RENOVACIÓN POR CADUCIDADE DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	00096/2018	21/02/2018

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2018/G003/000095	CONTA XUSTIFICATIVA AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL	00097/2018	21/02/2018
2018/G003/000107	ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA INSTALACIÓN DE CUBRECOLECTORES DE LIXO EN CAMPOLONGO E CENTROÑA (POS ADICIONAL 2016)-EXPTE 2017/C003/0000005	00098/2018	21/02/2018
2018/G003/000114	Solicitud de subvención para contratación de persoal técnico en animación sociocultural	00099/2018	22/02/2018
2018/G003/000109	Solicitud de subvención para Mellora da capa de rodadura na vía municipal no Polígono Industrial de Vidreiro.	00100/2018	22/02/2018
2018/G003/000058	DEVOLUCIÓN TAXA TALLERES CULTURAIS 2016/2017 A LAURA INCIO PIÑEIRO	00101/2018	23/02/2018
2018/G003/000059	DEVOLUCIÓN TALLERES CULTURAIS 2016/17 A MARÍA MONTSERRAT FREIRE CARUNCHO	00102/2018	23/02/2018
2018/G003/000040	DEVOLUCIÓN DA TAXA DE TALLERES CULTURAIS 2016/2017 A DON JOSÉ MARÍA MARANTE GONZÁLEZ	00103/2018	23/02/2018
2018/G003/000060	DEVOLUCIÓN TAXA ESCOLAS DEPORTIVAS A JOSÉ MANUEL ROCA SEOANE	00104/2018	23/02/2018
2018/G003/000104	ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA DO LIXO 2017 A J.A. DÍAZ-MUNIO ROVIRALTA E APROBACIÓN DE LIQUIDACIÓN A NOME DE ANA SÁNCHEZ CENDAL ABELEDO	00105/2018	23/02/2018
2018/G003/000057	INCIDENCIAS NÓMINAS MES DE FEBREIRO DE 2018	00106/2018	23/02/2018
2018/G003/000113	APROBACIÓN DA NÓMINA DE FEBREIRO 2018	00107/2018	23/02/2018
2018/G003/000126	RESOLUCIÓN DESESTIMATORIA ALEGACIÓNS SANCIONADORES TRÁFICO (MARTÍNEZ***)	00108/2018	27/02/2018
2018/G003/000125	RESOLUCIÓN SANCIONADORA EXPEDIENTES TRÁFICO (SEBASTIÁN***)	00109/2018	27/02/2018
2018/G003/000124	RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS DO DECRETO 66/2018 DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA CONTRATACIÓN DE TÉCNICO DE DEPORTES DEPUTACIÓN 2018 EXPTE 2018G003/000063	00110/2018	27/02/2018
2018/G003/000121	Ampliación na intensidade do servizo de axuda no fogar (dependencia)	00111/2018	27/02/2018
2018/G003/000117	ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DEPENDENCIA	00112/2018	27/02/2018
2018/G003/000123	solicitud de subvención para contratación de persoal de turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro	00113/2018	28/02/2018
2018/G003/000110	XUSTIFICACIÓN DO PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS ANO 2017	00114/2018	28/02/2018
2018/G003/000138	SOLICITUDE DE DUPLICADO POR DETERIORO DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	00115/2018	28/02/2018
2018/G003/000129	RESOLUCIÓN INICIO EXPEDIENTES SANCIONADORES TRÁFICO (MOLINA***-VARELA***)	00116/2018	28/02/2018
2018/G003/000132	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	00117/2018	28/02/2018



2018/G003/000131	Ampliación na intensidade do servizo de axuda no fogar (dependencia)	00118/2018	28/02/2018
2018/G003/000144	INICIO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN EXPEDIENTE CONTRATACIÓN OBRA PAVIMENTACIÓN EN ROSALES E EDUARDO PONDAL (POS+ ADICIONAL 2017). EXPTE 2018/C003/000003	00119/2018	01/03/2018
2018/G003/000141	Alta no servizo de axuda no fogar de libre concorrencia	00120/2018	01/03/2018
2018/G003/000142	AUTOLIQUIDACION DEPUTACION -MELLORA PARQUE INFANTIL CENTROÑA POS+2018-	00121/2018	01/03/2018
2018/G003/000143	INICIO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN EXPEDIENTE CONTRATACIÓN OBRA REFORMA DE PARQUE INFANTIL EN URBANIZACIÓN OLMO (POS+ ADICIONAL 2017). EXPTE 2018/C003/000001	00122/2018	01/03/2018
2018/G003/000146	INICIO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN EXPEDIENTE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E OBRA PARA INSTALACIÓN DE PARQUE INFANTIL NOS XARDÍNS DE LOMBARDEIRO (PAS 2015). EXPTE 2018/C005/000001	00123/2018	02/03/2018
2018/G003/000147	AUTORIZACIÓN GASTO, APROBACIÓN PREGO E DESIGNACIÓN MESA CONTRATACIÓN PARA OBRA REFORMA DE PARQUE INFANTIL EN URBANIZACIÓN OLMO (POS+ ADICIONAL 2017) Expte. 2018/C003/000001	00124/2018	02/03/2018
2018/G003/000148	AUTORIZACIÓN GASTO, APROBACIÓN PREGO E DESIGNACIÓN MESA CONTRATACIÓN PARA OBRA PAVIMENTACIÓN EN ROSALES E EDUARDO PONDAL (POS+ ADICIONAL 2017) Expte. 2018/C003/000003	00125/2018	02/03/2018
2018/G003/000149	AUTORIZACIÓN GASTO, APROBACIÓN PREGO E DESIGNACIÓN MESA CONTRATACIÓN PARA SUBMINISTRO E OBRA PARA INSTALACIÓN DE PARQUE INFANTIL NOS XARDÍNS DE LOMBARDEIRO (PAS ADICIONAL 2015) Expte. 2018/C005/000001	00126/2018	02/03/2018
2018/G003/000130	Solicitud de subvención para a contratación de 2 albanesis. Aprot Rural 2.018	00127/2018	02/03/2018
2018/G003/000155	RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS E APROBACIÓN DOS PREGOS PARA O SUBMINISTRO E OBRA PARA INSTALACIÓN DE PARQUE INFANTIL NOS XARDÍNS DE LOMBARDEIRO (PAS ADICIONAL 2015)- EXPTE 2018/C005/000001.	00128/2018	07/03/2018
2018/G003/000145	Solicitud de axuda á Deputación da Coruña para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación para o ano 2018.	00129/2018	07/03/2018
2018/G003/000153	Solicitud de axuda á Deputación da Coruña para apoio a festivais audiovisuais, musicais e de artes escénicas para o ano 2018.	00130/2018	07/03/2018
2018/G003/000156	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 08.03.2018	00131/2018	07/03/2018
2018/G003/000118	APROBACIÓN PADRÓNS SAF LIBRE CONCURRENCIA E DEPENDENCIA, MES DE XANEIRO DE 2018	00132/2018	08/03/2018
2018/G003/000151	IMPUTACIÓN FACTURAS PENDIENTES A 31/12/2017 Á CONTA 413.	00133/2018	08/03/2018
2018/G003/000152	ENCOMENDA DEFENSA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO 0000169/2016. DEMANDANTE DON JESÚS VILA VEIGA.	00134/2018	08/03/2018
2018/G003/000159	APROBACIÓN DE FACTURAS F/2018/1	00135/2018	08/03/2018
2018/G003/000161	CONTRATACIÓN DOS TRABALLOS DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA INSTALACIÓN DE CUBRECOLECTORES DE LIXO EN CAMPOLONGO E	00136/2018	08/03/2018

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	CENTROÑA Expte. 2018/C002/000002		
2018/G003/000165	CONVOCATORIA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DE 13.03.2018	00137/2018	12/03/2018
2018/G003/000166	PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO 2019-2021.	00138/2018	13/03/2018
2018/G003/000163	Modificación do presuposto para contratación de persoal para oficina de turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro. Expediente nº 2018/G003/000123.	00139/2018	13/03/2018
2018/G003/000139	AUTORIZACIÓNS E XESTIÓN DE CERTIFICADOS DE REPRESENTANTE PARA O ACCESO A NOTIFICACIÓNS ELECTRÓNICAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS.	00140/2018	13/03/2018
2018/G003/000128	INICIO DE SANCIONADORES DE TRÁFICO (DESOXIDADOS E OUTRO)	00141/2018	13/03/2018
2018/G003/000157	NOMEAMENTO SECRETARÍA ACCIDENTAL MARZO/ABRIL 2018. PERIODOS: 14 E 15 DE MARZO (EVA GUERRERO) 26, 27, 28 DE MARZO E 2 DE ABRIL (MARÍA ROCA)	00142/2018	13/03/2018
2018/G003/000167	INICIO PROCESO ELECTORAL ELECCIÓN SINDICAIS FUNCIONARIOS 2018.	00143/2018	13/03/2018
2018/G003/000184	MODELO 111 IRPF, FEBREIRO 2018	00144/2018	20/03/2018
2018/G003/000195	SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONOMICOS E FACENDA DE 23.03.2018	00145/2018	22/03/2018
2018/G003/000194	SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO DE 23.03.2018	00146/2018	22/03/2018
2018/G003/000160	Solicitude do Programa de subvencións para limpeza de praias marítimas. Deputación 2.018	00147/2018	23/03/2018
2018/G003/000175	Solicitude de subvención para actividades na Biblioteca Municipal. Programa Ler conta moito, 2.018.	00148/2018	23/03/2018

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde-Presidente D. Bernardo Fernández Piñeiro, en Ponte deume, a venres 23 de marzo de 2017.”

Os membros presentes **TOMAN RAZÓN**.

6.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

Toma a palabra polo Grupo Municipal do Partido Popular Dña. Ascensión de Vicente Olarte, quen formula os seguintes **ROGOS**:

- 1.- Rogamos adapten o horario da biblioteca ás épocas de exames.
- 2.- O muro que separa as rúas Fene e Porto atópase cheo de vexetación rogamus procedan a limpalo
- 3.- As rúas, tanto na Avenida de Rajoy como na de Saavedra Meneses atópanse moi deteriorados rogamus procedan a reparalas.



4.- O paso de peóns á entrada da ponte de pedra en horario nocturno ten unha iluminación deficiente, co perigo que isto conleva. Rogamos solucióneno dalgunha maneira.

5.- No mes de novembro rogamus solucionasen o problema dun cable arrincado por un camiión na rúa Betanzos díxosenos que xa habían avisado, a día de hoxe segue sen solucionarse, retomen o tema.

6.- Pedimos a reposición dos espellos na entrada de Ver

7.- No colexio de Andrade hai uns cristais de difícil acceso, rogamus busquen a maneira de limpalos.

8.- Infórmanos da mala situación do cableado nas rúas Real e Mancebo rogamus fagan as xestións necesarias para que corrixan estas deficiencias .

9.- Rogamos solucionen os problemas de iluminación pública en Ricardo Sánchez e Praza Maestro Álvaro Vázquez Penedo os apagóns son continuos.

Dende a Presidencia indícase que se está a traballar sobre o asunto, se ben non dan co fallo da liña que, neste caso, vai soterrada

10.- Veciños que acoden ao supermercado que hai non Cruceiro, en Andrade, solicitan un paso de peóns nesa localización, pedimos que fagan as xestións oportunas.

11.- Rogamos repoñan as bandeiras deterioradas no balcón da Casa Consistorial.

12.- Rogamos doten de auga á fonte do Pilón.

A maiores, Dna. M^a Carmen Piñeiro Varela plantexa un rogo relativo á necesidade de colocar o sinal que indica o paso de peóns na ponte de pedra.

Concluídos os rogos, dende o Grupo Municipal do PP fórmulanse as seguintes **PREGUNTAS**:

1.- ¿En que estado se atopa a organización do Feirón Medieval?

Dna. Yolanda Vázquez Busto, concelleira delegada de Cultura, Comercio e Turismo di que xa se teñen mantido encontros para coa organización do Feirón e que retomarán logo da semana Santa. Da conta que non hai comisión nin asociación organizadora polo que esta edición estará organizada directamente polo Concello.

2.- Teñen pensado darlle algún uso aos almacéns de Raxoi unha vez executado o mercado?

Dende a Presidencia, D. Bernardo Fernández Piñeiro contesta afirmativamente, que hai varias ideas e que se cando se teña decidido se fará, indicando que se aceptan propostas.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte apunta que o que se falou sempre foi dunha zona turística hosteleira.

3.- Neste pleno traeron a aprobación inicial dos orzamento. Fixeron algun estudo da repercusión da regularización catastral ou estudaron algunha medida para que esta regularización sexa menos onerosa para os eumeses, tal como acordamos e ademais presentamos dúas mocións neste sentido?

O Sr. Fernández Piñeiro di que se está á espera de que se trasladen os datos de como repercutirá economicamente esta regularización, para logo actuar en consecuencia.

4.- En que punto se atopa a redacion do novo contrato de subministración, abastecemento de auga, saneamento e rede de sumidoiros?

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O Sr. Alcalde-Presidente di que se está en proceso de redacción dos pregos, sobre os que se leva traballando aproximadamente un mes. Apunta como parte do atraso a necesidade de adaptalos á lei de contratos nova.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte pregunta se xa están solventados os conflitos coa empresa, en relación á auditoría.

O Sr. Fernández Piñeiro indica que se está á espera de confirmar unas datos das contas.

5.- E o da piscina municipal que previsións teñen ao respecto?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que está case rematado, á espera dunha documentación que se lle pediu á empresa concesionaria, que aínda non facilitou.

6.- Hai algunha novidade sobre o solar da Praza de España?

O Sr. Fernández Piñeiro di que está en concurso de acreedores, que en principio había posibilidade de venda, inicialmente en sobre trescentos mil euros, pero que a actuación está limitada polas características da propia rehabilitación, fronte á rendabilización do investimento.

7.- En breve prevese a apertura dun supermercado, que cambia de localización en Ricardo Sanchez e que parece vai ser máis grande que o actual. Preveen algunha actuación nesta zona onde se sitúan unha gran cantidade de servizos?

O Sr. Presidente indica que a problemática sería para coa carga e descarga. Da conta que a propia concesión da licenza, polo contido do PXOM, implica a creación de 10 ou 11 prazas dentro da propia construción.

8.- Tivemos coñecemento de que unha empresa estaba interesada en montar un albergue de 64 prazas en Ponte deume e de que falaran con vostedes para ese efecto. Como se atopa este tema?

D. Bernardo Fernández Piñeiro da conta de que se mantivo unha entrevista cunha empresa coa idea de montar un albergue na antiga casa de exercizos para o que pedía a intermediación do Concello, ao tempo que pedía xestionar tamén o público, cando esto último non se lle puido garantir xa que habería que someter a concesión da xestión a un procedemento de contratación pública.

9.- No DOGA do 1 de Marzo sacouse a información pública a regularización sanitaria do cemiterio de Nogueirosa, supoñemos que é por unha posible ampliación do mesmo. Que papel xoga o concello nesa ampliación?

O Sr. Alcalde-Presidente di que o Concello tramita a licenza.

D. Andrés Pérez Pérez pregunta polo intento de regularización sanitaria.

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que este proceso é coa Xunta, o Concello da traslado se ben quen tramita é a Diócesis e que se está ao que se dixo dende "Patrimonio" ao respecto. Di que se está a redactar un novo proxecto para presentar.

10.- Hai algun contacto cos propietarios dos edificios, en esqueleto, que se atopan tanto no Picho como na estación para buscar algunha solución?

O Sr. Alcalde di que o da estación está no mesmo concurso que o solar da Praza de España e que o venden por catro centos mil euros, e ao que o Concello tratará de acceder se non



aparecen compradores. No que respecta ao do Picho, di que está encargada unha taxación de toda a parcela para unha posible compra.

11.- O camiño de Paredes na parroquia de Boebre segue cortado. ¿Teñen prevista algunha solución?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que se ten falado con “Costas” hai meses e que a solución que se baralla é a de desviar o camino.

12.- ¿Qué sabemos das beirarrúas de Centroña?

Contesta D. José Simoes Couceiro, concelleiro de Formación, Réxime Interno e Emprego, indicando que hai recollidas en torno a un 60% de sinaturas de cesión voluntaria, fronte a un par de casos que non aceptarían o carácter voluntario.

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que se ten pedido unha valoración á Deputación para tratar de acadar a cesión voluntaria, xa que se estaría ante importes de entre 30 e 50 euros por propiedade, no caso de que se tivera que expropiar.

A maiores, Dna. Ascensión de Vicente Olarte pregunta sobre os correos electrónicos que chegan coas convocatorias, xa que lles chegan repetidos.

Concluída a quenda do Grupo do PP, toma a palabra Dna. Ana Veira García, portavoz do BNG-AA, quen formula os seguintes **ROGOS**:

1.-Pintado do paso de peóns.

O paso de peóns contiguo á gasoleira é usado cada día por gran número de persoas, sobre todo rapaces/as. O seu deterioro é moi grande.

SOLICITAMOS: pintado coa maior brevidade.

2.-Terreo veciño á piscina.

Este terreo utilízase como lugar de recollida de refugallos e outros materiais, algúns deles poden entrañar perigo sobre todo para nenos/as.

Mantense aberto cara ao paseo marítimo permitindo a libre circulación polo mesmo.

ROGAMOS se faga efectivo o seu peche para evitar situacións de perigo.

3.- Exceso de velocidade dos vehículos no peirao.

O peirao é unha zona de gran afluencia de persoas, tendo en conta que é camiño do CEIP Couceiro Freijomil, do pavillón da Casqueira...

A velocidade de vehículos é, en moitas ocasións, excesiva.

PREGAMOS o control desta situación, colocación de sinais ou outras medidas que solucionen este feito.

O Sr. Presidente indica que se ten trasladado a Portos de Galicia a posibilidade da colocación dun “badén” redutor.

4.- Seguridade na estrada de Centroña.

É fundamental velar pola seguridade da cidadanía. Na estrada de Centroña hai dous puntos de vital importancia:

Parada de autobuses na Ría. Utilizada sobre todo no transporte escolar. É unha zona que ten unha pista deportiva.

Zona de Vizús. É un núcleo dividido pola estrada.

SOLICITAMOS colocación de pasos de peóns que faciliten o cruce desta estrada.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que segundo a lei, a instalación de pasos de peóns só se autoriza en tramos urbanos consolidados.

5.- Limpeza do regato e inmediacións na zona de Goibe.

Nesta zona hai un regato que ten depositados refugallos que impiden o curso da auga.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Existe, ademais unha finca na que o acumulación de diversos materiais de refugallo son visibéis.

PREGAMOS se leven a cabo labores de control e limpeza.

O Sr. Alcalde indica que xa están avisados. Que é Augas de Galicia quen ten que actuar. Sobre a acumulación de refugallos nunha finca indica que xa hai unha denuncia no SEPRONA hai uns seis meses e que ten que ser a propietaria da finca quen a retire.

6.- Túnel cara a Igrexa de Centroña.

A zona do túnel cara á igrexa de Centroña anégase constantemente xa que a auga que debe correr polas beiras non o fai, por non contar con canais polos que circular.

PREGAMOS dean solución a este problema.

7.- Control das saídas de pluviais.

En diversos lugares do concello (Empedrado, Lonxas, Esteiro, Porto ...) os viandantes sofren as molestias, nos días de choiva, de ter que andar por lugares onde a saídas de pluviais van directamente á rúa.

ROGAMOS fagan un control desta situación e leven a cabo as actuacións oportunas para solucionaralo.

8.- Limpeza Pedridas-Breamo.

A maleza nesta zona está en avance.

SOLICITAMOS limpeza da mesma.

9.- Estación do Tren.

En múltiples ocasións trouxemos a este pleno a situación de deterioro desta estación e das súas inmediacións.

Somos sabedores que algunhas non son competencia directa do concello mais dende este hai que promover as xestións que o fagan posible.

O apeadoiro conta con dúas vías e os usuarios carecen da información para saber cal é a que deben utilizar en cada momento.

PREGAMOS leven a cabo, coa maior urxencia, as xestións precisas para sinalización axeitada nesta estación tendo en conta a chegada do turismo.

O Sr. Presidente di que xa se ten trasladado a ADIF o anterior, xunto con algunha cousa máis, en varias ocasións.

10.- Reparación de vias na zona de Centroña.

En diversos puntos desta parroquia podemos atopar camiños e estradas en situación deplorable e perigosa. Nalgún caso hai escorregamentos do terreo.

Hai xa tempo sinalizáronse, por parte de protección civil, diversos puntos perigosos.

Zona Castrelo-S.Bollo, Fonte Cobelo, Cabana, Benaval-Portiño...

ROGAMOS acondicionamento e reparación destes vias coa maior urxencia.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que a problemática na zona de Castrelo-San Bollo ven derivada de que antes había eucaliptos e que agora non hai nada e que, por tanto, da medo, pero que non é un problema do camiño.

Sobre a zona de Portiño di que vai actuar a Deputación.

11.- Na veira do Río Covés, no fondo de Esteiro, hai acumulación de polas.

O Sr. Alcalde di que xa se ten dado aviso a Augas de Galicia.



Pasando a formular as seguintes PREGUNTAS:

1.- Plan normativo municipal 2018.

Neste Plan Normativo aprobado no pleno de decembro do 2017 establécese unha programación temporal.

Que hai feito neste primeiro trimestre?

Dende a Presidencia contestase que se están a redactar os pregos da auga e da piscina, da telefonía, que se está a tramitar a contratación do subministro eléctrico e que para revisión/modificación das Ordenanzas se ten contratado á administrativa da área de Tesourería.

2.- Escola Infantil.

Nos orzamentos do 2018 hai presupostados 248.560,00 para esta obra.

Cal é a situación actual desta actuación?

Cal será a programación temporal da mesma?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que o Concello xa fixo o que tiña que facer e que se está á espera de que licite a obra o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e que non se pode temporalizar ata que se adxudique.

3.- Cartelería obsoleta.

En diversos puntos do concello hai carteis informativos caducados, como ocorre no inicio do paseo marítimo na zona do Covés.

Cando serán retirados?

O Sr. Fernández Piñeiro di que xa se retiraron varios e que o resto se retirará en breve.

4.- Acción 57. Promover a plantación de cerdeiras.

O ano pasado pasouse o tempo de poder facer efectiva esta acción. Contestouse á pregunta deste grupo municipal dicindo que había tempo antes do remate da lexislatura. Actualmente é posible facelo.

Vaise proceder ao cumprimento desta acción neste ano 2018?

O Sr. Presidente di que é intención do goberno local o seu cumprimento.

5.-Local do "Casino".

No pleno de abril do 2016 e posteriormente no pleno de xuño do 2017 fixemos esta mesma pregunta.

En que situación están as xestións para que ese local sexa municipal?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que se ten falado co Ministerio e coa Xunta, esta última dixo que se fixera a taxación, que está encargada. Dende o Ministerio non poñen prezo e indican que no Concello de Betanzos se xestionou sen custo para a entidade local.

6.- Contrato da piscina e do servizo de auga.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Dende o inicio da lexislatura o grupo de goberno era coñecedor do prazo de remate para decembro do 2017.

Neste 'pleno acórdase a continuidade das empresas grazas ao voto de calidade do alcalde.

En que punto de actuación están estes contratos?

Dase por explicada.

7.- Escola de Boebre.

Coa gran necesidade de locais municipais para diversas actuacións.

Cal é neste momento a situación deste local municipal?

Dna. Raquel Caruncho Corral indica que se ten tramitada a desafectación e que queda a retirada do material pertencente á administración educativa, xa que estaba adherida ao "Couceiro", para poñela a disposición das distintas entidades.

8.- Acción 66: Impulsar e recuperar actividades.

Día da árbore.

Aínda que a data de celebración oficial é o 21 de marzo, sabemos que esta celebración pode facerse noutros meses.

Teñen organizada esta actividade para este ano 2018?

Cal sería a súa programación?

Semana da poesía.

É unha actividade proposta pola UNESCO en 1998.

Levarase a cabo esta actividade no 2018?

Dna. Yolanda Vázquez Busto indica que, sobre o día da árbore, se ten contactado coa asociación e que se está a buscar emprazamento para facer a plantación.

Sobre a segunda actividade, indica que no 2017 se ten celebrado o recital poético "Ramiro Fonte" no que se estableceron unha serie de contactos, di que se ten a idea de seguir nesa liña e celebrar un certame poético durante as festas das Peras. A partir de aí, tratarase de chegar a programación da semana da poesía se ben, de momento, como certames.

9.- Antiga situación do parque infantil do paseo marítimo.

Xa hai varios meses que se fixo efectivo o cambio de situación do parque infantil do paseo marítimo.

Por que segue habendo restos na anterior colocación?



Cando se van retirar'

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que por agora non se van retirar e que unha das pezas vai ser recuberta con caucho, que a máis grande vai ser reutilizada.

10.- Acción 64: Crear o Consello Municipal de Turismo

A promesa de crear o Consello da muller e o Consello da saúde está sen cumprir.

Teñen pensado cumprir para este ano a do Consello de turismo?

En que consistirá?

Dna. Yolanda Vázquez Busto da conta de distintas xestións no ámbito turístico: reunión con consultoras, hoteleiros, comerciantes..., coa idea de facer un Plan Director de Turismo en Pontedeume. Agarda que sí se cree o Consello Municipal de Turismo.

11.- Solo industrial.

Se no polígono industrial de Vidreiro xa non parcelas baleiras.

Están contemplado ampliar este polígono?

O Sr. Presidente di que sí, que está contemplada unha bolsa de chan importantísima para a súa ampliación, como se reflexa no PXOM e que se negociará coa Xunta a obtención de subvencións para a súa urbanización e que será a continuación cando se publicite.

REMATE DA SESIÓN

Non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as quince horas e trinta e oito minutos do expresado día. Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria-accidental, que dá fe.